UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# Boletín 18

# 29-2 febreiro de 2024

# Informacións Académicas

TÍTULO: MASTER ERASMUS MUNDUS EN LEXICOGRAFÍA - EMLex

DESTINATARIOS/AS: Todo o alumnado da Facultade. Todo o profesorado da Facultade.

ORGANIZACIÓN: Coordinación do Máster Erasmus Mundus en Lexicografía

DATA/S: 14/12/2023-01/03/2024

ENDEREZO DE CONTACTO: emlex.erasmus.mundus@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: https://www.emlex.eu.usc.gal/applications/

DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:

Aberto o prazo de solicitude de prazas e bolsas da convocatoria 2024-2025 para o Máster Erasmus Mundus en Lexicografía

# Informacións Académicas

TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE: Convocatoria de mobilidade para estudantes por Convenio Bilateral

DESTINATARIOS/AS: Estudantado de grao e mestrado

AXENTE QUE INFORMA/ORGANIZA:

DATA/S: 25 de xaneiro-19 de febrero (solicitude)

LIGAZÓN: https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/convenio-bilateral-saintes/convocatoria-convenio-bilateral-202425

ENDEREZO DE CONTACTO: bilateral.exchange@usc.gal

# Actividades Académicas

TÍTULO: Desambiguación semántica y extracción de patrones verbales para la base de datos léxica Verbario

DESTINATARIOS/AS: Profesorado e alumnado de cursos superiores

ORGANIZACIÓN: Máster Erasmus Mundus en Lexicografía -EMLex

DATA/S: 29 xaneiro

LUGAR: Aula B10

HORARIO: 16:00-17:30

CONTACTO: majo.dominguez@usc.es

DESCRICIÓN:

Neste seminario, presentaremos os avances na base de datos léxica Verbario (http://www.verbario.com/), que recolle os patróns de uso dos verbos do español e ten o Corpus Pattern Analysis (Hanks, 2004, 2013) como marco teórico-metodolóxico. Verbario está actualmente en proceso de ampliación do seu lemario e da información microestructural (en especial, a etiquetaxe de cada patrón en función do seu uso literal ou metafórico). Un dos pasos máis importantes para iso é a posibilidade de realizar parte das tarefas de xeito totalmente automatizada, o que implica a etiquetaxe sintáctica e detección da estrutura argumental do verbo, e, moi especialmente, a etiquetaxe semántica dos argumentos verbais. Para isto, mostraremos os resultados de varias estratexias de desambiguación e como, a partir da etiquetaxe semántica automatizada, pódense construír patróns argumentais similares aos realizados manualmente.



# Actividades Culturais

TÍTULO: CineFilo. Primavera 2024
ORGANIZA: Decanato, Comisión de Actividades Culturais, Área de Filoloxía Catalá, Institut Ramon Llull
DATA/S: 30 de xaneiro – 7 de maio (próxima sesión 30 de xaneiro)
LUGAR: Facultade de Filoloxía
HORARIO: 17.00-20.00h
CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal
LIGAZÓN: CineFilo.USC
DESCRICIÓN:

O martes día 30 de xaneiro o salón de Actos da Facultade de Filoloxía acollerá a primeira sesión da terceira edición de CineFilo, o club de cinema da facultade, que celebra xa o seu primeiro ano de vida.

Nesta ocasión, comezaremos co filme 'O que arde' (2019), de Óliver Laxe, un dos produtos audiovisuais galegos máis salientables e premiados dos últimos anos. Ademais, contaremos coa especial presenza de Marcos Varela (director e guionista) e Luis Medel (director de fotografía), quen están a producir a curtametraxe 'Á sombra do castiñeiro' para estreala este mesmo ano. Participarán do debate para presentar o estado da súa curta e dialogar co público asistente sobre o filme de Laxe, a influencia deste no seu propio cine e a posición dos novos creadores no panorama audiovisual galego.






FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!







A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia